

A estudante de doutoramento (FPI) e membro do GER (Grup d'Estudis de Reciprocitat) da UB, BIBIANA MARTÍNEZ ÁLVAREZ estará catro meses de estadía como investigadora visitante no Grupo HISTAGRA



BIBIANA MARTÍNEZ ÁLVAREZ:

Bibiana Martínez é estudante FPI na Universitat de Barcelona, dentro do GER (Grup d'Estudis de Reciprocitat). A directora da súa tese doutoral é a profesora Susana Narotzky Molleda

OBXETIVOS E ACTIVIDADES A DESENVOLVER NA ESTADÍA:

A investigación que está a desenvolver Bibiana Martínez céntrase na análise das explotacións agropecuarias familiares produtoras de leite en Galicia. En particular focalízase na análise, por unha banda, das tensións que xorden entre os tres aspectos das sustentabilidade social, económica e ambiental; e por outro das reivindicacións das produtoras e produtores en relación ao "prezo xusto", nun contexto de crise do sector lácteo e do ámbito rural galego en xeral. Dada a proximidade entre a temática proposta e as liñas de investigación que vén desenvolvendo o grupo HISTAGRA, tanto en relación ao ámbito de estudo como á perspectiva histórica desde a que se aborda, a investigadora considerou de gran interese para a súa formación académica e investigadora dita estancia.

Datas da estadía:

01/12/2016 ata 01/04/2017

LIGAZÓNS DE INTERESE:

<http://www.ub.edu/antropo/fitxa/bibiana-martinez/>

<http://www.ub.edu/reciprocitat/index.htm>

<http://histagra.usc.es/gl/nova/da8fb5a7fd45/>

Patrocina:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional